

# VIII GALA DA DIVERSIDADE

ABAGAL

Asociación de  
Bulimia e  
Anorexia de  
GALicia

19 DE

OUTUBRO

AUDITORIO  
DE GALICIA

ABAGAL

UN MAR DE ESPERANZAS

## ROLDA DE PRENSA

PARTICIPAN	
<b>REYES LEIS RODRÍGUEZ</b>	<b>Concelleira de Economía, Comercio, Turismo e Mercados</b>
<b>DORA SARMIENTO</b>	<b>Presidenta de ABAGAL</b>
<b>M<sup>a</sup> FLORA CAJIDE</b>	<b>Cofundadora de ABAGAL</b>
<b>ADÁN IGLESIAS</b>	<b>Traballador social de ABAGAL</b>

## GALA

VIII GALA DA DIVERSIDADE - ABAGAL	
<b>DATA</b>	<b>Domingo, 19 de outubro de 2014</b>
<b>HORA</b>	<b>17:30 horas</b>
<b>LUGAR</b>	<b>Auditorio de Galicia (Sala Mozart)</b>

**ABAGAL**

VIII GALA DA DIVERSIDADE

# ABAGAL, Asociación de Bulimia e Anorexia de Galicia

**ABAGAL** é unha asociación sen ánimo de lucro fundada no ano 2004 por un grupo de nais e pais de pacientes da Unidade de Trastornos da Conduta Alimentaria do Hospital Provincial de Santiago de Compostela, centro de referencia destes trastornos en Galicia.

O **OBXECTIVO** principal desta asociación é mellorar os medios para combater estas enfermidades e ofrecer toda a axuda que necesiten tanto familiares como afectados. De xeito detallado pódese afirmar que a súa misión é:

- Mellorar os servizos e medios dispoñibles para combater os trastornos da conduta alimentaria
- Afrontar, de forma organizada, problemas comúns
- Favorecer e mobilizar novos recursos humanos, materiais, sociais, etc.
- Concienciar á sociedade e ás institucións
- Potenciar, mediante o diálogo e a divulgación do problema, a implicación dos pais, educadores, medios de comunicación, creadores de tendencias de moda, monitores de deportivos e de tempo libre, etc.
- Ofrecer información ás familias e proporcionarlles un interlocutor en todo o relacionado con signos de alarma, dúbidas, preocupacións e obtención de recursos

Dende 2004, ABAGAL ven traballando ininterrompidamente no ámbito da prevención desta problemática, así coma na información, asesoramento e apoio a enfermos e familiares. Para levar a cabo a súa función, ABAGAL conta cun despacho na Casa das Asociacións de Benestar Social (CABES).

Entre os **SERVIZOS** que ofrece a asociación atópanse:

**-Información, asesoramento, apoio e axuda de carácter psicosocial a pacientes e familiares.** Esta liña de actuación supón dar resposta ás demandas de información sobre os síntomas dos trastornos da conduta alimentaria, asesorando sobre os dispositivos de tratamento, procedemento de actuación ante as diferentes intervencións, recursos existentes, apoio emocional, etc.

**-Grupos de autoaxuda para nais e pais de afectados.** O principal obxectivo destes grupos é contar cun espazo no que os familiares das persoas que padecen un trastorno da conduta alimentaria poidan compartir as súas experiencias con outras persoas que pasan pola mesma situación e aprender a manexar no día a día as situacións que os TCA adoitan carrexar.

**-Charlas informativas dirixidas a poboación xeral (educadores/orientadores, profesionais da saúde e nais e pais).** A tarefa informativa da asociación ten lugar a través de charlas sobre os trastornos da conduta alimentaria (causas, síntomas, sinais de alerta, detección, actuacións preventivas, etc.).

**-Prevención no ámbito escolar.** A asociación leva a cabo obradoiros de prevención primaria dos trastornos da conduta alimentaria. Entre os temas máis habituais atópanse os hábitos de alimentación e exercicio físico saudables, o fortalecemento da autoestima e o fomento do pensamento crítico ante as mensaxes mostradas polos medios de comunicación. Os obradoiros van dirixidos a cursos de educación infantil, 5º e 6º de primaria e 1º, 2º, 3º e 4º de E.S.O.

**-Obradoiros de Ximnasia de Mantemento.** Trátase dunha actividade dirixida a persoas que padecen un trastorno da conduta alimentaria, onde mediante o exercicio periódico poden mellorar a condición física xeral, recuperar a forza perdida ao longo dos anos e diminuír diferentes dolores musculares ou articulares. Os exercicios de mantemento comprenden unha serie de movementos sinxelos utilizando as principais articulacións do corpo, como poden ser a cabeza, a columna vertebral, os brazos e as pernas.

## A Gala

Dende hai oito anos, a Asociación de Bulimia e Anorexia de Galicia ven celebrando un acto benéfico destinado a recadar fondos para as súas actividades e tamén a facer visibles as súas actuacións, concienciando á opinión pública acerca dos trastornos da conduta alimentaria e a súa importante repercusión na sociedade.

Dende o seu comezo, a gala foi posible grazas á colaboración desinteresada de diferentes personalidades e artistas que se ofreceron a poñer o seu tempo e traballo a disposición da asociación co fin de apoiala. Neste senso, destaca a participación das actrices Mela Casal e Gloria Ferreiro (actual xefa do servizo de programas da Radio Galega), que foron as principais impulsoras deste proxecto dende o seu nacemento.

A gala é un evento eminentemente festivo, no que se dan cita artistas de moi diferente natureza; dende músicos e actores, ata magos, bailaríns e humoristas. Con todo, cada gala tamén conta cunha introdución destinada á concienciación, que corre a cargo dun profesional da Unidade de Trastornos da Conduta Alimentaria do Hospital Provincial de Santiago de Compostela.

Como fin de festa, cada gala conta cun particular desfile que ao longo das diferentes edicións se converteu na bandeira deste evento. Trátase do "Desfile da diversidade", unha desenfadada pasarela de moda na que persoas de tódalas idades buscan romper estereotipos e demostrar que a talla non é tan importante.

## VIII Gala da Diversidade

A doutora Gastañaduy, psiquiatra da Unidade de Trastornos da Conduta Alimentaria do Hospital Provincial de Santiago de Compostela, será a encargada de introducir a VIII Gala da Diversidade, dando a coñecer algo máis da realidade destas enfermidades e as súas consecuencias.

A presentación da gala correrá a cargo de Clara de Saá, condutora do programa de Radio Galega "Convivir en Igualdade" e José Manuel García, condutor e director do programa "Come e Fala", tamén da Radio Galega.

No referido ás actuacións, son moitos os artistas que repiten coa súa participación altruísta. A gala contará con números de humor, a cargo de Pedro Brandariz e Cada día, peor; música, co grupo dezano Barrio Rojo e a actuación do artista Bieito Solo; maxia e danza, da man do Mago Adry e o estudio Balancé e a xa tradicional participación de Mela Casal, Xavier Picallo e Gloria Ferreriro, sendo esta última a encargada de dirixir o evento. Coma novidade, este ano a gala contará coa presenza da actriz Teté Delgado.

Ao peche da gala, improvisados modelos de tódalas tallas e idades tomarán o escenario para protagonizar o "Desfile da diversidade".

NOTA: A pesar de estar prevista nun primeiro momento, finalmente a participación do actor Rubén Riós non será posible debido a un problema de axenda.

Este ano a VIII Gala da Diversidade terá lugar o **domingo 19 de outubro ás 17:30 no Auditorio de Galicia.**

# VIII GALA DA DIVERSIDADE

AUDITORIO  
DE GALICIA  
SALA MOZART

19 DE  
OUTUBRO  
17:30 HORAS

ABAGAL

Asociación de  
Bulimia e  
Anorexia de  
GALICIA




## Introdución:

- **Dra. Gastañaduy**  
Psiquiatra

## Coas actuacións de:

- **Mela Casal**
- **Gloria Ferreiro**
- **Xavier Picallo**
- **Teté Delgado**
- **Rubén Riós**
- **Cada Día, Peor**
- **Pedro Brandariz**
- **Barrio Rojo**
- **Mago Adry**
- **Balancé Danza**
- **Bieito Solo**



**ENTRADA: 6 euros**  
**PUNTOS DE VENDA:**  
Anticipada: Emilio Iglesias  
Frai Rosendo Salvado, 6  
Taquilla: Auditorio de Galicia  
Avda. do Burgo das Nacións, s/n

**ABAGAL**  
UN MAR DE ESPERANZAS

COLABORAN:



Unha gala organizada por



na que COLABORAN



## Comunicación

••• Lucía Lago · 619 528 926

••• Alba Varela · 619 669 788

ohla@ohmyword.es

www.ohmyword.es